


IES RAMÓN M^a ALLER ULLOA

CONCRECIÓN CURRICULAR

ESO



ÍNDICE

1. Adecuación e concreción dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria de acordo co establecido no proxecto educativo.....	4
1.1. Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria	4
1.2. O contexto socio-cultural e económico	6
1.3. Características do alumnado e as súas familias	8
1.4. Concreción dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria	9
2. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis correspondentes a cada materia e curso	13
3. Decisións de carácter xeral sobre métodos pedagóxicos e didácticos	14
4. Criterios xerais para a concreción do horario e para o desenvolvemento do currículo	17
4.1. Criterios xerais para a concreción do horario	17
4.2. Horario xeral do centro	18
4.3. Oferta educativa	19
4.4. Criterios para o agrupamento do alumnado.....	19
5. Criterios de selección de materiais de desenvolvemento curricular	20
6. Criterios xerais de avaliación das aprendizaxes do alumnado	21
6.1. A avaliación do alumnado.....	21
6.1.1. Carácter e referentes da avaliación.....	21
6.1.2. Procedementos, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	22
6.1.3. Desenvolvemento das avaliacións	23
6.1.4. Casos particulares	25
6.2. Información sobre os resultados da avaliación	27
6.3. Avaliación segundo criterios obxectivos e procedemento de reclamación.....	28
6.3.1. Avaliación segundo criterios obxectivos	28
6.3.2. Procedemento de reclamación.....	29
6.4. Avaliación de competencias	32
7. Criterios de promoción e titulación do alumnado na ESO	33

7.1.Promoción	33
7.2. Titulación.....	34
7.3. Matrícula de honra	35
8. Criterios xerais para a atención das actividades de avaliación e recuperación do alumnado con materias pendentes doutros cursos	36
9. Directrices e decisións referidas á atención á diversidade do alumnado.....	37
9.1. Atención á diversidade	37
9.1.1. Medidas de atención á diversidade	37
9.1.2. Alumnado con necesidades educativas especiais.....	38
9.1.3. Alumnado con altas capacidades intelectuais	39
9.1.4. Alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo	39
9.1.5. Directrices xerais e decisións concretas referidas á atención á diversidade do alumnado.....	40
9.1.6. Medidas extraordinarias de atención á diversidade.....	49
9.2. Configuración do PDC e do PMAR.....	52
9.2.1. Programa de diversificación curricular	53
9.2.2. Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.....	53
10. Orientacións para incorporar os elementos transversais.....	60
11. Programacións didácticas de materia e curso.....	61
12. Criterios e procedementos para a avaliación anual da concreción curricular	65
ANEXOS.....	66
1. Itinerarios formativos da ESO.....	68
2. Avaliación da proposta curricular da ESO	69
3. Avaliación do logro do proceso de ensino	74
4. Avaliación do logro da práctica docente	74
5. Avaliación da programación didáctica	76
6. Avaliación de competencias.....	77

A proposta curricular dos centros sostidos con fondos públicos será informada polo Consello Escolar do centro e aprobada polo Claustro de Profesores e Profesoras.

1. Adecuación e concreción dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria de acordo co establecido no proxecto educativo

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia define os obxectivos como “os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao finalizar cada etapa, como resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe intencionalmente planificadas a tal fin”.

1.1. Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria

O artigo 10 do Decreto 86/2015 determina os obxectivos da educación secundaria obrigatoria.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de xénero e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de xénero ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a

violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das

persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1.2. O contexto socio-cultural e económico

O Instituto está situado na localidade de Lalín, pertencente ao Concello de Lalín, un dos máis importantes de Galicia e está próximo a Santiago de Compostela, a capital da Comunidade Autónoma.

O Concello de Lalín, cunha superficie de 326 quilómetros cadrados, é un dos municipios de maior extensión de toda Galicia e goza dunha situación privilexiada no corazón da Comarca de Deza, que aglutina a seis concellos (Lalín, Silleda, Rodeiro, Vila de Cruces, Dozón e Agolada) nun materia de 987,7 quilómetros cadrados. A poboación do Concello de Lalín é de 20.101 habitantes e está dividida entre o núcleo urbano, onde hai máis de 10.000 veciños e veciñas, e as 52 parroquias do rural: Albarelos, Alemparte, Alperiz, Anseán, Anzo, Barcia, Bendoiro, Bermés, Botos, Busto, Cadrón, Camposancos, Cangas, Castro, Catasós, Cello, Cercio, Cristimil, Doade, Donramiro, Donsión, Erbo, Filgueira, Fontecabalos, Galegos, Goiás, Gresande, Lalín, Lalín de Arriba, Lebozán, Lodeiro, Losón, Maceira, Madriñán, Méixome, Moneixas, Muimenta, Noceda, Palio, Palmou, Parada, Prado, Rodís, Santiso, Sello, Soutolongo, Val do Carrio, Vilanova, Vilatuxe, Xaxán, Xesta e Zobra. Considerando o conxunto da Comarca de Deza, que abrangue os concellos de Lalín, Rodeiro, Dozón, Vila de Cruces, Trasdeza e Valquiereza, as cifras de poboación achéganse aos 50.000 habitantes. Esta comarca, situada no extremo setentrional da provincia de Pontevedra, linda ao oeste coa Comarca de Tabeirós-Terra de Montes, ao norte coas de Arzúa e Terra de Melide (A Coruña), ao leste coas de Chantada e A Ulloa (Lugo) e ao sur coa do Carballiño (Ourense).

Este concello contaba cunha economía moi diversificada, posto que a tradicional actividade agrícola e gandeira foi abrindo portas progresivamente

nas últimas décadas a un sector industrial en expansión, principalmente puxante nas ramas do téxtil, do aluminio e da construción, pero que, actualmente, se atopa atravesando unha forte crise que desencadeou o peche de moitas empresas e, como consecuencia, o despedido de moitos traballadores e traballadoras, aumentando considerablemente o paro na zona. No núcleo urbano e nas parroquias colindantes atópanse todos os servizos e a maior parte das industrias -situadas maioritariamente nos dous polígonos existentes-, mentres que na zona eminentemente rural a economía segue a estar baseada nas explotacións agropecuarias, que aproveitaron a riqueza da comarca para modernizarse e facerse máis competitivas.

Con respecto á actividade educativa, o Concello de Lalín conta con diversos centros de ensinanza pública, entre os que se atopan os seguintes:

- Para Educación Infantil e Primaria:

- CEIP Xesús Golmar Lalín)
- CEIP Manuel Rivero (Lalín)
- CEIP Varela Buxán (Cercio)
- CEIP Xoaquín Loriga (Prado)
- CEIP Vicente Arias de la Maza (Vilatuxe)
- Escola de Infantil de Donramiro (Lalín)

- Para Educación Secundaria Obrigatoria e postobrigatoria:

- IES Ramón M^a AllerUlloa
- IES Laxeiro
- Existe un centro de ensinanza concertada que imparte educación infantil, educación primaria e ESO:

- Colexio Scientia Lalín

No aspecto cultural e de ocio existen outras entidades, como a Casa da Xuventude de Lalín, a Biblioteca Municipal, o Museo Etnográfico de Lalín, o Museo Ramón M^a Aller, o Museo da Marioneta e diversas asociacións culturais. Polo que a actividades deportivas se refire, cóntase con varias materias deportivas distribuídas en distintos puntos do Concello (varios pavillóns polideportivos, complexo deportivo “Lalín Arena”, campo de fútbol).

A atención sanitaria queda cuberta a través dos servizos desenvolvidos polo Centro de Saúde, así como con outras entidades privadas.

1.3. Características do alumnado e as súas familias

Dentro do alumnado do centro hai que distinguir entre as distintas etapas educativas tanto pola súa procedencia como polas súas características:

- Alumnado de ESO:

Os alumnos e alumnas que se incorporan en 1º da ESO proveñen na súa maioría dos centros adscritos CEIP Xesús Golmar e CEIP Varela Buxán, e son alumnos/as que levan convivindo a maior parte da súa traxectoria escolar. Viven tanto no entorno próximo ao centro como do resto dos pobos que forman o Concello de Lalín, polo que aproximadamente un 43,3% dos alumnos/as acude ao centro utilizando o transporte escolar.

As características xerais do alumnado son:

- Niveis de competencia curricular normais na súa maioría, con casos de desfase curricular que van en aumento.
- Normalizada motivación cara o estudo, con diferenzas en canto aos alumnos e alumnas que chegan uns anos con respecto a outros.
- En boa parte das familias, existen hábitos de estudo e é baixa a porcentaxe de alumnado con desestruturación que afecte ao rendemento escolar.
- Polo xeral, e salvo excepcións en alumnos/as puntuais, non existen problemas graves de actitude en clase.
- Nivel de absentismo baixo, nalgúns casos coñecido e consentido polas familias.
- Porcentaxe baixa de abandono do sistema educativo sen finalizar ESO.
- Puntual existencia en ocasións de problemática familiar que interfere negativamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Alumnado inmigrante cuxo número varía en función do curso (24 no presente curso, de 13 nacionalidades diferentes). Algún presenta dificultades de comprensión dos idiomas, galego e castelán. Non teñen problemas de integración entre os seus compañeiros e compañeiras.

En canto ás súas familias, podemos sinalar que o nivel de formación das persoas proxenitoras é medio, xa que a maioría conta cos Estudos Obrigatorios e unha porcentaxe non moi elevada de estudos postobrigatorios (formación profesional ou universitaria). A profesión das persoas proxenitoras nunha porcentaxe importante é de traballador cualificado/especializado por

conta propia ou allea, mentres que nas nais a porcentaxe divídese entre as que se dedican aos labores do fogar e as traballadoras por conta allea.

O nivel adquisitivo das persoas proxenitoras na súa maioría é medio e actualmente tamén é importante a incidencia do paro nas familias.

Con respecto á relación familia-centro, ao igual que se expuxo anteriormente, sen chegar a ningún tipo de xeneralización, detéctanse en moitas ocasións as seguintes liñas:

- Alta asistencia a reunións informativas e entrevistas cos titores/as
- Familias con preocupación pola formación académica dos seus fillos/as.
- Actitude colaboradora ante os problemas dos seus fillos/as.
- Acoden con prontitude en caso de ser requiridos.
- Escasa participación na Asociación de Pais e Nais e, por tanto, pouca colaboración en aquelas actividades que non son estritamente do ámbito académico.

1.4. Concreción dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria

Tendo en conta o estudo e as características do alumnado e do entorno permiten destacar unha serie de aspectos que se deben ter presentes na adecuación dos obxectivos e que leva a elixir como prioritarios os seguintes:

- É un obxectivo prioritario **promover a autonomía persoal e a participación na propia aprendizaxe** do alumnado, de maneira que contribúa á construción da súa propia identidade.
- É un obxectivo prioritario **desenvolver a autoestima** no alumnado e **afianzar a confianza nas súas propias posibilidades** para facilitar unha madurez persoal que lle permita progresar nos estudos posteriores ou entrar na vida laboral como un cidadán útil e formado.
- Como substrato de toda a nosa actividade pedagóxica deberán estar presentes os **valores da solidariedade, a tolerancia e a responsabilidade**, que contribúan a unha formación no respecto ás persoas, ás súas ideas e crenzas, á formación dunha conciencia social e a saberse parte integrante dunha comunidade de cidadáns libres e iguais. Unha parte moi importante deste compromiso noso é potenciar a igualdade entre mulleres e homes e o logro das mesmas oportunidades para todos. Unha parte desta filosofía fainos

apostar, na medida das nosas posibilidades, pola educación compensatoria das deficiencias sociais, familiares e culturais.

- Todas as nosas actuacións como docentes deben estar encamiñadas a **fomentar a convivencia**, na convicción profunda de que a democracia, como valor social, se aprende desde a infancia. A convivencia é en si mesma un desexo social porque implica que alumnos/as que proceden de situacións sociais e familiares moi distintas comparten na aula unhas mesmas vivencias baixo unhas mesmas normas. Unha parte importante dese afán de superación, que é a base mesma da educación, é o adestramento na **adquisición e mellora da responsabilidade persoal**, para asumir tarefas cun aumento do protagonismo de cada alumno e alumna.

- Outro dos obxectivos que nos marcamos é o de **atender á diversidade** que hoxe presenta o noso alumnado. Recoñecemos que esta realidade da diversidade esixe cada vez máis ao profesorado, sendo **unha das demandas máis urxentes que nos fai a sociedade**.

O carácter integral que ha de ter o currículo da ESO, especificado en cada unha das competencias clave e elementos educativos básicos relacionados coa educación en valores (educación na non violencia, a saúde, a igualdade de entre mulleres e homes, o medio ambiente, o control do consumo, a educación viaria, a interculturalidade, etc.) leva a considerar que os obxectivos da etapa non son específicos de cada materia, senón un propósito educativo acometido desde a totalidade que, lxicamente, se irá concretando nas programacións didácticas dos Departamentos e na actividade de cada profesor/a.

Sínálanse catro grandes ámbitos orientando os obxectivos ao logro de cada un deles:

1. A realización persoal e social e o exercicio da cidadanía activa.

1.1. Asumir e exercer responsablemente os seus deberes e dereitos no respecto aos demais, a práctica da tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre persoas e grupos, exercitándose no diálogo, afianzando os dereitos humanos como valores dunha sociedade plural e preparándose para o exercicio da cidadanía democrática.

1.2. Valorar e respectar a diferenza de xéneros e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles, rexeitando os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

1.3. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, resolvendo pacificamente os conflitos.

1.4. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

1.5. É unha prioridade potenciar actividades que fomenten e desenvolvan a convivencia e a sociabilidade, considerando que esta é unha temática transversal e unha competencia básica (competencia social e cidadá) na que están implicados todos os axentes da comunidade educativa. O centro e o entorno no que se desenvolven as actividades complementarias e extraescolares constitúen o territorio social no que primeiro hai que facer realidade os dereitos e os deberes cidadáns e practicar a solidariedade, a tolerancia, o respecto mutuo, a non discriminación e a solución non violenta e civilizada dos conflitos.

2. A adquisición dos elementos básicos da cultura nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico.

2.1 Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

2.2 Concibir o coñecemento científico como un saber integrado en distintas disciplinas, así como aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

2.3 Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e a dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

2.4 Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade para disfrutar das obras e manifestacións artísticas.

2.5 Coñecer e valorar o patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

As programacións específicas de cada materia contribuirán no desenvolvemento do currículo ao logro dos obxectivos que son máis acordes co currículo específico.

Dedicarase especial atención á biblioteca, como centro de recursos en distintos soportes e formatos (bibliográfico, dixital, audiovisual e multimedia) para poñelos a disposición do alumnado e profesorado como fontes de información.

As programacións de aula incluírán actividades que fomenten o uso de diferentes fontes de información e incorporarán metodoloxías que familiaricen ao alumnado no uso e manexo das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

3. A incorporación a estudos posteriores, a inserción laboral e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente.

3.1 Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

3.2 Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

3.3 Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura, en lingua galega e en lingua castelá.

3.4 Comprender e expresarse, polo menos, nunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

4. Desenvolver e consolidar hábitos de traballo e estudo.

O profesorado de todas as materias instruirán ao seu alumnado no exercicio de técnicas de estudo e traballo intelectual adecuadas aos contidos do currículo, e guiaranos na realización de traballos realizados de forma individual e en grupo.

O uso da Biblioteca e o Plan Lector para dinamizar a lectura considéranse instrumentos básicos para desenvolver e consolidar o uso correcto da lingua e para fomentar o gusto pola literatura.

A metodoloxía e os procedementos de avaliación propostos nas programacións das distintas materias terán en conta o interese e o esforzo, a participación, o traballo individual e en equipo, a iniciativa, a innovación e cantas actitudes positivas axuden á capacidade de aprender a aprender.

Dadas as características do noso alumnado e tendo en conta as competencias clave que se pretende que todo o alumnado consiga ao finalizar a súa ensinanza obrigatoria formúlase como obxectivo básico formar cidadáns activos, con sentido crítico e que manteñan a súa capacidade de aprender de maneira permanente, polo que se considera imprescindible:

- a) Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto formais como informais.
- b) Manter unha actitude socialmente integradora, desde o respecto profundo ao fenómeno multicultural e que permita a todo o alumnado valorar a propia tradición cultural.
- c) Orientar o proceso de ensinanza de cada alumno/a, apostando pola titoría como o camiño máis eficaz e o traballo en equipo do profesorado.

Cada unha das materias contribuirá ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias básicas alcanzarase como consecuencia do traballo en varias materias.

2. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis correspondentes a cada materia e curso

Os estándares de aprendizaxe avaliáveis ou especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados da aprendizaxe e concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada unha das materias deben ser observables, medibles e avaliáveis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Ademais serán unha guía para a confección

de probas de avaliación. Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábel de cada materia e curso estarán contextualizados ás características do centro e dos propios alumnos e alumnas. Estes quedarán plasmados nas correspondentes programacións didácticas.

3. Decisións de carácter xeral sobre métodos pedagóxicos e didácticos

Os métodos de traballo favorecerán a contextualización das aprendizaxes e a participación activa do alumnado na construción das mesmas. Todo proceso de ensinanza-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e se retroalimenta o proceso.

En consecuencia, unicamente é posible facilitar unhas orientacións acerca do desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula, debido á gran diversidade de materias e de métodos específicos e competencias clave máis vinculadas a cada unha delas.

A natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características do alumnado condicionan o proceso de ensinanza-aprendizaxe, polo que será necesario que o método seguido polo profesorado se axuste a estes condicionantes co fin de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado.

Os métodos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, deben enfocarse á realización de tarefas ou situacións-problema, formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade o respecto polos distintos ritmos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

No actual proceso de inclusión das competencias como elemento esencial do currículo, é preciso sinalar que calquera das metodoloxías seleccionadas polo profesorado para favorecer o desenvolvemento

competencial do alumnado debe axustarse ao nivel competencial inicial deste. Ademais, é necesario secuenciar a ensinanza de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outros máis complexos.

Un dos elementos clave na ensinanza por competencias é despertar e manter a motivación cara a aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel de alumno/a, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Os métodos docentes deberán favorecer a motivación por aprender no alumnado e, a tal fin, os profesores e profesoras han de ser capaces de xerar nel a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias.

Así mesmo, co propósito de manter a motivación por aprender é necesario que os profesores e profesoras procuren todo tipo de axudas para que o alumnado comprenda o que aprende, saiba para que o aprende e sexa capaz de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.

As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través da resolución conxunta de tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros/as e poidan aplicalas a situacións similares.

Para un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial as estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas. As metodoloxías que contextualicen a aprendizaxe e permitan a aprendizaxe por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas favorecen a participación activa, a experimentación e unha aprendizaxe funcional que vai facilitar o desenvolvemento das competencias, así como a motivación do alumnado ao contribuír decisivamente á transferibilidade das aprendizaxes.

O traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, baséase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, por tanto, unha aprendizaxe orientada á acción na que se integran varias áreas ou materias: o alumnado pon en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.

Tamén resulta recomendable o uso do portfolio, que aporta información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

É necesaria unha adecuada coordinación entre o profesorado sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben facer unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados. Esta coordinación e a existencia de estratexias conexas permiten abordar con

rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara unha construción colaborativa do coñecemento.

Ademais, para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

Débese procurar impartir de xeito integrado o currículo de todas as linguas da nosa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. Deberanse tomar acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Así mesmo, hai que establecer medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas na ensinanza e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para aquel que presenta dificultades na súa expresión oral. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

4. Criterios xerais para a concreción do horario e para o desenvolvemento do currículo

4.1. Criterios xerais para a concreción do horario

- Manter a mesma distribución horaria que nos cursos anteriores para a ESO e Bacharelato, co fin de que os recreos teñan lugar en segmentos horarios distintos
- Cubrir cada Departamento as horas curriculares propias, sen impartir materias afíns, como criterio básico de calidade educativa, agás que o profesorado do

departamento non cubra o seu horario con horas curriculares propias, pois nese caso atenderase ás necesidades do centro

- Levar a cabo todas as medidas de atención á diversidade necesarias para a adecuada atención do alumnado (agrupamentos flexibles e desdobres), sempre que a dispoñibilidade horaria do profesorado o permita
- Respectar a elección de materias optativas do alumnado sempre que haxa o número mínimo de alumnos/as que elixan cada materia conforme á normativa vixente (ou que poida ser autorizada pola Inspección Educativa, se hai dispoñibilidade horaria nos Departamentos correspondentes), efectuando unha adecuada planificación da segmentación horaria
- Procurar que haxa un equilibrio entre o número de alumnos/as de cada grupo en cada nivel.

4.2. Horario xeral do centro

Todos os grupos de alumnos/as teñen 32 horas semanais de clase. Así, o horario xeral de clases é de 8:50 a 14:30 horas, con dous períodos de recreo de 20 minutos (un recreo cada dúas horas lectivas), no caso da ESO e completando o horario coa tarde do mércores de 16:00 a 17:40 horas.

- En Bacharelato e Formación profesional Básica o período de recreo é de 40 minutos (11:20 a 12:00 horas), completando o horario a tarde do mércores de 16:00 a 17:40 horas
- Nos ciclos formativos o horario é de 36 horas semanais, distribuídas nas mañás de luns a venres de 8:50 a 14:30 horas e dúas tardes de 16:00 a 18:30 horas

O centro conta cunha sección da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra e cunha Aula Mentor, que desenvolven as súas actividades polas tardes de 16:00 a 21:30 horas.

En consecuencia o horario de apertura do centro es de 8:30 a 14:45 e de 15:45 a 21:45 horas, de luns a venres.

- A cafetería estará aberta de 8:50 a 14:30 horas e polas tardes de 16:00 a 20:00 horas.
- A Biblioteca estará aberta de 8:50 a 14:30 horas e polas tardes de 16:00 a 19:00 horas, realizándose os préstamos durante este horario.

- Un único toque de timbre avisará do final dunha clase e do inicio da seguinte. Durante ese tempo, o alumnado permanecerá dentro da aula e non nos corredores, a non ser que deba acudir a algunha aula específica.
- Se un alumno/a se atopa enfermo ou ten algún incidente, desde o centro contactarase coa súa familia á maior brevidade posible. Os alumnos e alumnas de ensinanza secundaria obrigatoria non poden abandonar o centro e as persoas proxenitoras teñen que vir buscalos cando se poñen enfermos, teñen que ir ao médico ou realizar outras xestións.

4.3. Oferta educativa

O centro ofrece no curso 2021-2022 as seguintes ensinanzas:

- Educación Secundaria Obrigatoria (1º, 2º, 3º e 4º)
- Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento: 2º e 3º
- 1º e 2º de Bacharelato nas modalidades de Humanidades e Ciencias Sociais, Ciencias e Tecnoloxía e Artes.
- Ciclo Formativo de Grao Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes
- Ciclo Formativo de Grao Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Web
- Ciclo Formativo de Grao Superior de Administración de Sistemas Informáticos e Redes
- Formación Profesional Básica- Informática de oficina.

Nos anexos figuran os itinerarios formativos que o centro ofrece na ESO.

4.4. Criterios para o agrupamento do alumnado

Para a distribución do alumnado tense en conta a información que recibe Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación do centro na reunión que manteñen, no mes de xuño, con titores/as e equipos psicopedagóxicos dos centros de educación primaria da zona de influencia, así como os informes que se reciben en setembro, tanto destes alumnos/as como de aqueles que proceden doutros centros.

Realizarase seguindo os seguintes criterios:

- Procurarase que os grupos sexan heteroxéneos.
- Intentarase que en cada grupo, na medida do posible, haxa o mesmo número de alumnos e alumnas, para garantir que mulleres e homes convivan no respecto e igualdade.

- Repartirase, sempre que sexa posible, o número de alumnos/as repetidores nos diferentes grupos.
- Repartiranse equitativamente os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta a dispoñibilidade horaria do profesorado de apoio.
- Teranse en conta as materias troncais, específicas e de libre configuración dos alumnos/as.
- Teranse en conta as indicacións do profesorado, na última avaliación do curso anterior, sobre a conveniencia de separar a algúns alumnos/as, co fin de mellorar a convivencia na aula.
- Desdobraranse as materias instrumentais (lingua galega, lingua castelá, inglés, francés e matemáticas), se é posible, en 1º e 2º ESO, así como aquelas outras materias onde haxa dispoñibilidade horaria do profesorado.

5. Criterios de selección de materiais de desenvolvemento curricular

- No exercicio da autonomía pedagóxica, o centro docente acordará os materiais curriculares que se utilizarán nos diferentes cursos da etapa.
- A edición e adopción dos materiais curriculares, incluídos, no seu caso, os libros de texto deberán adaptarse ao rigor científico adecuado ás idades de do alumnado e ao currículo establecido na normativa vixente. Así mesmo, deberán reflectir e fomentar o respecto aos principios, valores, liberdades, dereitos e deberes constitucionais.
- Os libros de texto adoptados para un determinado curso no poderán substituírse por outros durante un período mínimo de seis anos. Excepcionalmente e por razóns debidamente xustificadas, os libros de texto poderán substituírse antes dos seis anos, previa autorización da Consellería de Educación.
- Serán os Departamentos docentes quen estableza os criterios para a elección dos materiais curriculares máis adecuados para o desenvolvemento das materias da súa competencia, tendo en conta as diferenzas entre a natureza dunhas materias e outras e a heteroxeneidade das propostas editoriais.
- Na última reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica de cada curso aprobarase a relación de libros de texto para o curso seguinte naquelas

materias non incluídas en E-Dixgal (fundamentando calquera cambio que deba ser adoptado por causas xustificadas) que, a partir do día seguinte, será publicada na páxina web nos taboleiros de anuncios do centro.

6. Criterios xerais de avaliación das aprendizaxes do alumnado

6.1. A avaliación do alumnado

6.1.1. Carácter e referentes da avaliación

- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa, integradora e diferenciada segundo as distintas materias.
- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será integradora. Desde todas e cada unha das materias deberá terse en conta a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o correspondente desenvolvemento das competencias. O carácter integrador da avaliación non debe ser incompatible co feito de que a avaliación de cada materia se realice de maneira diferenciada polo profesorado que a imparta, tendo en conta os criterios de avaliación e os indicadores de logro que permiten a valoración do grao de desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe de cada materia.
- A avaliación será continua no sentido de que estará inmersa no proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento no que se producen, analizar as causas e, deste modo, adoptar as medidas necesarias que permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe. Cando o proceso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- A avaliación terá, ademais, un carácter formativo e orientador, e deberá servir de instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensinanza como os de aprendizaxe. Con este fin o profesorado avaliará, ademais das aprendizaxes do alumnado, os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, de acordo cos indicadores de logro e procedemento de avaliación da aplicación e desenvolvemento da programación docente.

- A información obtida durante o proceso de avaliación servirá de referencia para introducir modificacións nas medidas de atención adoptadas e para axustarse ás necesidades detectadas.

O profesorado avaliará segundo o establecido na Orde do 25 de xaneiro de 2022 polo que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

- Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final de cada unha das materias son os criterios de avaliación e os estándares a eles asociados en cada un dos cursos así como os estándares de aprendizaxe avaliábeis da etapa, xa que aínda que estes son orientativos, de acordo co establecido na disposición transitoria segunda bis da LOMLOE, son concrecións dos criterios de avaliación.

- Os referentes para a avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais que curse as ensinanzas con adaptacións significativas dos elementos do currículo, serán os criterios de avaliación e os estándares asociados a eles que figuren nas propias adaptacións curriculares, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado en ESO.

6.1.2. Procedementos, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

- O profesorado aplicará a avaliación sistemática e continua do proceso de aprendizaxe de cada alumno/a ao longo do período lectivo do curso para recoller información fidedigna, cualitativa e cuantitativa, sobre o grao de adquisición e desenvolvemento das competencias presentes no currículo de cada materia.

Os procedementos, instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación da aprendizaxe do alumnado recolleranse na programación didáctica de cada materia ou ámbito de acordo cos criterios de avaliación e cos estándares que os completan en cada un dos cursos, e coas directrices fixadas na concreción curricular.

- O profesorado, a partir da análise do currículo de cada materia, seleccionará procedementos e instrumentos de avaliación variados e coherentes co contido, a natureza, a finalidade e a metodoloxía implícita en cada un dos criterios de avaliación e os seus correspondentes estándares. En todo caso, os procedementos e instrumentos de avaliación utilizables, entre outros a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.
- Así mesmo, o profesorado incorporará estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación, para favorecer a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas, sobre a participación dos compañeiros/as en actividades de tipo colaborativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que conte con informe de avaliación psicopedagóxica realizado polos servizos especializados de orientación educativa, garantirase a coherencia entre as adaptacións metodolóxicas realizadas nos procesos de ensinanza-aprendizaxe e os procedementos e instrumentos de avaliación.

6.1.3. Desenvolvemento das avaliacións

- Ao comezo da Educación Secundaria Obrigatoria, nas datas establecidas na Programación Xeral Anual do centro, o profesorado realizará ao alumnado unha avaliación inicial para recoñecer e tratar as dificultades de aprendizaxe. Esta avaliación inicial, no caso de 1ºESO, realizarase a partir da análise do informe de aprendizaxe individualizado de final da etapa de educación primaria sobre o grao de adquisición das aprendizaxes, dos obxectivos e das competencias.
- Para o resto dos cursos de educación secundaria obrigatoria a avaliación inicial realizarase a partir dos informes da avaliación final do curso anterior.
- Así mesmo, o profesorado e o Departamento de Orientación realizarán unha avaliación inicial ao alumnado que se incorpore tardiamente ao sistema

educativo de Galicia, ben por proceder doutros países ou por calquera outro motivo, co fin de valorar a súa competencia curricular.

- As sesións de avaliación son as reunións que celebra o equipo docente para valorar tanto a aprendizaxe de cada alumno/a como o seguimento global do grupo e a súa dinámica de aprendizaxe.

- O equipo docente do grupo reunirse periodicamente en sesións de avaliación, polo menos unha vez ao trimestre en cada curso da etapa, polo tanto, realizaranse para cada grupo de alumnado tres sesións de avaliación parciais e unha avaliación final. Así mesmo, farase en cada unha delas o seguimento da recuperación das materias ou ámbitos pendentes. A 3ª avaliación e a avaliación final realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

- De cada unha das sesións de avaliación, parciais e final, levantarase a correspondente acta de desenvolvemento da sesión, na que constará a relación do profesorado asistente, un resume dos asuntos tratados, os acordos adoptados, detallando, no seu caso, aqueles que se refiran á promoción ou titulación, as medidas de reforzo ou de adaptación curricular e a proposta de incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico. Tamén se recollerá a información que se acorde transmitir ao alumnado e ás súas familias.

- O período abranguido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Para o alumnado que teña materias ou ámbitos sen superar logo de realizada a 3ª avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.

- Na avaliación final avaliarase e cualificarase ao alumnado do grupo. Así mesmo realizarase unha valoración das competencias. No transcurso da avaliación final de curso adoptaranse, segundo proceda, as decisións relativas á promoción ou titulación do alumnado. As decisións adoptadas polo equipo docente referidas á promoción e titulación, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado, adoptaranse por unanimidade. De non existir unanimidade no equipo docente,

a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

- Nas sesións de avaliación final de curso tamén se cumprimentarán as actas de avaliación final de curso. Posteriormente rexistraranse as cualificacións finais de curso e demais decisións no expediente académico e no historial académico. Así mesmo trasladarase ao consello orientador as decisións finais e propostas de itinerarios formativos.

6.1.4. Casos particulares

a. Avaliación do alumnado do programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento

- A avaliación do alumnado que curse un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da educación secundaria obrigatoria así como os criterios de avaliación e os estándares a eles asociados que figuren na programación docente de cada un dos ámbitos.

- Dado o carácter específico deste programa, considerarase que o alumnado que, ao finalizar o curso, supere calquera dos ámbitos, quedarán exentos de recuperar as materias de cursos anteriores correspondentes a dito ámbito.

- O alumnado que teña pendentes de superación materias que non están integradas nos ámbitos seguirá o correspondente programa de reforzo e deberá superar as avaliacións destas materias.

b. Avaliación do alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo

- Con carácter xeral, a avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais ou por incorporarse tarde ao sistema educativo, realizarase atendendo aos referentes de avaliación establecidos.

- Sempre que sexa necesario adaptaranse os procedementos e os instrumentos de avaliación, os tempos, os medios e os apoios que aseguren a

correcta avaliación deste alumnado, de acordo coas súas condicións persoais e as adaptacións metodolóxicas que, no seu caso, se establecesen.

c. Avaliación do alumnado que presenta necesidades educativas especiais

· No caso de alumnado que presente necesidades educativas especiais, ao inicio do curso correspondente o/a titor/a, co asesoramento do orientador do centro, informará ao alumnado e ás súas familias, sobre as adaptacións curriculares significativas que se vaian aplicar nas distintas materias, o contido das mesmas, as medidas organizativas previstas e sobre o nivel curricular que se espera alcanzar ao finalizar o curso.

· A avaliación do alumnado que presenta necesidades educativas especiais efectuarase en función dos criterios de avaliación e os estándares asociados a eles nas propias adaptacións curriculares significativas que se elaboren a partir da valoración inicial. Ademais, estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adecúen ás necesidades deste alumnado, adaptando, sempre que sexa necesario, os instrumentos de avaliación, os tempos e os apoios de acordo coas adaptacións curriculares que, no seu caso, se establecesen.

· As cualificacións que reflicten a valoración do proceso de aprendizaxe das materias que fosen obxecto de adaptación curricular significativa expresaranse nos mesmos termos e utilizarán as mesmas escalas que as establecidas para o resto do alumnado.

· A cualificación das materias obxecto de adaptación curricular significativa irá acompañada da expresión “ACS”. Unha vez finalizado cada un dos cursos de educación secundaria obrigatoria, estas cualificacións consignaranse nos documentos oficiais de avaliación.

d. Avaliación do alumnado con altas capacidades intelectuais

· A avaliación do alumnado con altas capacidades intelectuais será competencia do equipo docente, asesorado polo Departamento de Orientación do centro.

· A avaliación do alumnado con altas capacidades intelectuais naquelas materias ás que se lle aplicou un programa de ampliación curricular efectuarase tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares a eles asociados do curso correspondente e os fixados en dito programa.

e. Avaliación do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo

- A avaliación do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo procedente doutros países ou que presente graves carencias de competencia na lingua galega e na lingua castelá, efectuarase tendo en conta os criterios de avaliación do curso correspondente e os estándares a eles asociados, tras a aplicación das medidas de atención á diversidade que mellor se adapten ás características e necesidades de cada alumno/a. Entre estas medidas, están a flexibilización da escolarización e a participación en programas de inmersión lingüística.
- A avaliación do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo será competencia do equipo docente e, no seu caso, contará coa información facilitada por quen exerza a docencia no programa de inmersión lingüística.

6.2. Información sobre os resultados da avaliación

- O/a titor/a, despois de cada sesión de avaliación, así como cando se dean circunstancias que o aconsellen, informará por escrito a cada alumno/a e ás súas familias sobre o resultado do proceso de aprendizaxe seguido e o desenvolvemento do seu proceso educativo. A tal efecto, utilizarase a información recollida no proceso de avaliación continua e a achegada polo equipo docente no desenvolvemento das sesións de avaliación de acordo cos modelos establecidos polo centro.
- O/a titor/a procurará manter unha relación fluída e continua coas familias do alumnado, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos a ter información sobre o progreso de aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos e fillas, e a ser oídos naquelas decisión que afecten á súa orientación académica e profesional. Así mesmo, poderán coñecer as decisións relativas á avaliación e promoción, colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopte o centro, e terán acceso aos documentos de avaliación e exames que afecten aos seus fillos e fillas, podendo obter unha copia dos mesmos, segundo o procedemento establecido polo centro.
- No informe ou boletín da avaliación final de curso incluíranse polo menos os seguintes aspectos: as cualificacións obtidas nas distintas materias, os resultados obtidos nas competencias, a promoción ou non ao curso seguinte e

as medidas de apoio adoptadas, se as houberse, para a consecución das aprendizaxes en cada materia.

- Ao final de 2º e 4º da ESO entregaráselles ao pai/nai ou titor/a legas de cada alumno/a un consello orientador que incluíra unha proposta do itinerario máis adecuado para seguir a súa formación, así como un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes. Poderase incluír unha recomendación sobre a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

Este consello orientador elaboraráo o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación e co asesoramento do departamento de orientación. Levará a sinatura do profesorado titor, do Xefe do departamento de orientación e co visto e prace da Directora do centro.

O consello orientador incluírase no expediente do alumno/a.

6.3. Avaliación segundo criterios obxectivos e procedemento de reclamación

6.3.1. Avaliación segundo criterios obxectivos

- Co fin de garantir o dereito que asiste ao alumnado a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, o centro dará a coñecer os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, así como os procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación nas distintas materias ou ámbitos, incluídas as materias pendentes, e os criterios de promoción e titulación que se establezan no centro nas concrecións curriculares. Neste sentido, terase en conta o que establece a Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico da ESO

- Informarase ao alumnado e ás súas familias sobre o dereito que lles asiste para solicitar do profesorado e do titor/a, cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como para formular reclamacións contra as cualificacións

finais e decisións que afecten á súa promoción, de acordo co procedemento establecido a continuación.

6.3.2. Procedemento de reclamación

a. No centro docente

· O alumnado, as persoas proxenitoras ou os representantes legais, poderán solicitar ao profesorado cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado de dito proceso. En todo caso, a reclamación formal abranguerá unicamente as cualificacións finais.

· No suposto de que exista desacordo coa cualificación final obtida nunha materia ou ámbito ou coa decisión de promoción ou titulación que se adoptase, o alumnado, as persoas proxenitoras ou os representantes legais, poderán presentar reclamación por escrito ante a Directora do centro docente no prazo de dous días lectivos contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a comunicación das cualificacións. Estas reclamacións terán que fundamentarse nalgunha das seguintes causas:

a) A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou do alumno cos recolleitos na correspondente programación didáctica.

b) Os procedementos e instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme ao sinalado na programación didáctica.

c) A aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia non foi correcta.

· A reclamación será tramitada a través da Xefatura de Estudos, quen a trasladará ao departamento didáctico responsable da materia ou ámbito con cuxa cualificación se manifeste o desacordo e comunicará tal circunstancia ao titor/a. Cando o obxecto da reclamación sexa a decisión de promoción ou de

titulación, trasladarase ao titor/a, como responsable da sesión final de avaliación na que a mesma fose adoptada.

· No primeiro día lectivo seguinte a aquel en que finalice o período de reclamación, cada departamento didáctico procederá ao estudo das reclamacións recibidas e elaborará os correspondentes informes que recollerán a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar ea decisión adoptada de proposta de modificación ou rectificación da cualificación final obtida. Estes informes serán trasladados á Directora do centro docente o mesmo día da súa elaboración. No proceso de revisión da cualificación obtida, os membros do departamento contrastarán as actuacións seguidas no proceso de avaliación do/a alumno/a co establecido na programación docente do departamento respectivo, con especial referencia aos seguintes aspectos, que deberán recollerse no informe:

a) Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do/a alumno/a cos recollidos no currículo e na programación didáctica.

b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado no currículo e na programación didáctica.

c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.

d) A decisión debidamente motivada da modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.

· Cando a reclamación teña por obxecto a decisión de promoción ou titulación do alumno/a ou de titulación adoptada polo equipo docente, celebrarase unha reunión extraordinaria nun prazo máximo de dous días lectivos desde a finalización do período de solicitude de reclamación. En dita reunión revisarase o proceso de adopción de dicha decisión en vista das alegacións realizadas. Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións, e a ratificación ou modificación razoada da decisión obxecto de revisión, conforme aos criterios para a promoción ou titulación establecidos na concreción do currículo do centro. Dita acta será trasladada á Directora ao remate da sesión.

· A Directora do centro docente, no prazo máximo de dous días lectivos contados a partir do día seguinte da recepción do informe motivado do

departamento ou, no seu caso, da acta da sesión extraordinaria, comunicará por escrito ao alumno/a e ás persoas proxenitoras ou representantes legais a decisión razoada de ratificación ou de modificación da cualificación final reclamada ou da decisión de promoción ou de titulación.

- Cando a resolución dunha reclamación contra a cualificación final dunha materia implique a superación da mesma, a Directora, á vista dos criterios de promoción ou de titulación, considerará a procedencia de reunir en sesión extraordinaria ao equipo docente, para que valore a necesidade de revisar os acordos e as decisións adoptadas para o/a alumno/a en función das novas cualificacións finais. Esta sesión, no seu caso, realizarase no prazo máximo de dous días lectivos.

- Tras a celebración desta sesión extraordinaria, a Directora informará ao alumno/a e ás persoas proxenitoras ou representantes legais da nova decisión de promoción ou titulación

- Se, tras o proceso de reclamación no centro, procedese a modificación dalgunha cualificación final ou decisión de promoción ou titulación, o Secretario do centro anotará nas actas de avaliación a oportuna dilixencia que será visada pola Directora.

- As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente, que se lle remitirán en formato dixital.

b. Proceso de reclamación diante da Xefatura Territorial de Educación

No caso de persistir o desacordo coa cualificación final de curso obtida nunha materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción ou titulación adoptada polo equipo docente, o alumnado, as persoas proxenitoras ou representantes legais do alumno/a solicitarán por escrito ante a Directora do centro, no prazo de dous días a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, que eleve a reclamación á Xefatura Territorial.

A Directora do centro, nun prazo non superior a tres días hábiles, remitirá o expediente de reclamación á Xefatura Territorial.

O expediente de reclamación estará composto por:

- Escrito do/a alumno/a, persoa proxenitora ou persoa que ostente a representación legal manifestando o seu desexo de que o expediente de reclamación se remita á xefatura Territorial

- Informe da Directora do centro, no que consten as datas de entrega das cualificacións e das distintas comunicacións ao alumno/a ou ás persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal, as actuacións do centro e a información adicional de que dispoña

- Copia da reclamación razoada presentada polo alumno/a, as súas persoas proxenitoras ou polos seus representantes legais ante a Dirección do centro

- Informe documentado do profesor/a da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista de todas as avaliacións, da información adicional de que dispoña e das posibles incidencias habidas ao longo do curso

- Copia do informe motivado do Departamento da materia da que se solicita a revisión

- Copia da comunicación da decisión adoptada por Xefatura de Estudos

- Copia da Programación Didáctica do Departamento da materia da que se solicita a revisión, na que consten os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación e cualificación da materia

- Copia dos instrumentos de avaliación empregados: exames, traballos e rexistros escritos, e demais material elaborado polo alumno/a ao longo do curso na materia obxecto da reclamación

- Copia da acta de avaliación final do curso e grupo do reclamante

6.4. Avaliación de competencias

Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados reflectiranse no consello orientador, expresándose nos termos de: Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SF), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas.

Para a avaliación das competencias establécense os estándares que figuran nos anexos, así como a ponderación das distintas materias.

7. Criterios de promoción e titulación do alumnado na ESO

7.1. Promoción

1. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de forma colexiada polo equipo docente do/a alumno/a, atendendo ao logro dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias correspondentes e á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumno ou alumna, e tendo en conta os criterios de promoción. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

A repetición considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para solventar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna.

2. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa, o equipo docente na sesión da avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. Os alumnos e alumnas promocionarán de curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as dos cursos anteriores.

Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou alumno que ten máis de dúas materias suspensas, sempre que se cumpran simultaneamente todas as seguintes condicións:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese curso académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

4. O alumnado que non promocioe permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

5. En todo caso, o alumnado poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa.

7.2. Titulación

1. Ao finalizar o cuarto curso da ESO o equipo docente do alumnado, na sesión da avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias e á consecución dos obxectivos da etapa, e tendo en conta os criterios de titulación

2. Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que superase todas as materias ou ámbitos cursados.

Ademais o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dun alumno ou alumna, sempre que se cumpran simultaneamente as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que o alumno ou alumna estea matriculado nese curso académico sexa igual ou superior a cinco.

- b) Que a xuízo do equipo docente o alumno ou alumna adquirise as competencias establecidas
- c) Que a xuízo do equipo docente o alumno ou alumna alcanzase os obxectivos da etapa

3. Os alumnos/as que superen a totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica obterán o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

7.3. Matrícula de honra

Os alumnos e alumnas que, logo da avaliación final do cuarto curso da ESO, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos, poderán recibir a mención de matrícula de honra. Esta mención concederáselle, como máximo, a un número de alumnos/as non superior ao 5% de alumnado matriculado en 4ºESO.

No caso de que o número de alumnos/as que cumpra o requisito sexa maior ao 5% do total do alumnado de 4ºESO, aplicaranse por orde os seguintes criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra:

1º- O alumnado con maior nota media en 4ºESO

2º- O alumnado con maior nota media en 3ºESO

3º- O alumnado con maior nota media en 2ºESO

4º- O alumnado con maior nota media en 1ºESO

5º- O alumnado con maior nota media en toda a etapa da ESO

5º- En caso de empate realizarase un sorteo público, previa convocatoria do alumnado afectado. Ao sorteo convocado pola Xefatura de Estudos , asistirá o alumnado que aspire a ter matrícula de honra, podendo asistir as persoas proxenitoras ou representantes legais do mesmo. Estarán presentes os titores ou titoras de 4ºESO e o secretario do centro, quen levantará acta, que se xuntará á acta da sesión de avaliación.

A aplicación destes criterios farase nunha reunión a que asistirán os titores e titoras de cada grupo de 4ºESO, o Xefe de Estudos e a Directora do centro.

8. Criterios xerais para a atención das actividades de avaliación e recuperación do alumnado con materias pendentes doutros cursos

En Educación Secundaria Obrigatoria, o protocolo de actuación co alumnado con materias pendentes de cursos anteriores será o seguinte:

- Os departamentos, nas súas programacións didácticas, incluírán as actividades para o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores así como a forma da que dispón o alumnado para superar as materias de cursos anteriores.
- No caso do alumnado que entre a formar parte dos programas de diversificación curricular ou dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que teñan algunha materia pendente que forme parte dos ámbitos, será o/a profesor/a de dito ámbito, en coordinación co Xefe/a do departamento didáctico de dita materia, quen estableza a maneira de recuperar a materia pendente.
- Unha vez transcorrido o inicio do curso e se recibise a información do alumnado de nova incorporación en cursos diferentes ao primeiro, elaborárase desde Xefatura de Estudos unha listaxe do alumnado coas materias que teñen pendentes que corresponden a dito departamento.
- Xefatura de Estudos, coa información remitida polos departamentos, realizará un informe individualizado coa información relativa a todas as materias pendentes que ten un determinado alumno/a, coas actividades que teñen que realizar e os exames que tivese que facer. Ditos informes serán entregados ao titor/a que informará ás familias e fará entrega dunha copia do informe previa sinatura das familias.
- Durante o curso, a atención do alumnado con materias pendentes corresponderá ao Xefe/a do Departamento da materia correspondente

9. Directrices e decisións referidas á atención á diversidade do alumnado e configuración dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento

9.1. Atención á diversidade

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado.

A atención á diversidade do alumnado tenderá a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a Educación Secundaria Obrigatoria e rexerese polos principios de calidade, equidade e igualdade de oportunidades, normalización, integración e inclusión escolar, igualdade entre mulleres e homes, non discriminación, flexibilidade, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

9.1.1. Medidas de atención á diversidade

- O centro docente terá autonomía para organizar os grupos e as materias de maneira flexible e para adoptar as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario ou singular, máis adecuadas ás características do seu alumnado e que permitan o mellor aproveitamento dos recursos de que dispoña.
- Tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe dun alumno/a, o profesorado poñerá en marcha medidas de carácter ordinario, adecuando a súa programación docente ás necesidades do alumnado, adaptando actividades, metodoloxía ou temporalización e, no seu caso, realizando adaptacións non significativas do currículo.
- Como medidas de carácter ordinario poderanse contemplar os agrupamentos flexibles, os desdobres de grupo, o apoio en grupos ordinarios, a docencia compartida e os programas individualizados para o alumnado que así o precise.
- Entre as medidas de carácter singular poderanse contemplar para o curso 2022-2023:
 - a) O programa de diversificación curricular (3º) ou o programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (2º)

- b) O programa de reforzo de materias non superadas.
 - c) O plan específico personalizado para alumnado que non promocióne.
 - d) O plan de traballo para o alumnado con problemas graves de saúde e a atención en aulas hospitalarias.
 - e) A flexibilización da escolarización para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
 - f) O programa de inmersión lingüística.
 - g) A adaptación curricular significativa para alumnado con necesidades educativas especiais.
 - h) A ampliación do currículo para alumnado con altas capacidades intelectuais.
 - i) A atención educativa ao alumnado con Trastorno por Déficit de Atención de Hiperactividade (TDAH).
- A aplicación personalizada das medidas de atención á diversidade revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.

9.1.2. Alumnado con necesidades educativas especiais

- Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta, de acordo co correspondente ditame de escolarización.
- A identificación e valoración das necesidades educativas especiais requirirá a realización dunha avaliación psicopedagóxica.
- Para que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse dentro dos principios de inclusión e normalidade, as medidas organizativas e curriculares, que aseguren o seu adecuado progreso e o máximo logro dos obxectivos.
- O plan de traballo individualizado para este alumnado concretará as medidas de compensación e de estimulación, así como as medidas nas que precise adaptación curricular, especificando as tarefas a realizar por cada profesional.
- As adaptacións significativas dos elementos do currículo realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados en ditas adaptacións. En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares

significativas deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente.

- A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais en centros educativos poderá prolongarse un ano máis. Esta medida terá como finalidade favorecer o logro dos obxectivos da etapa, o desenvolvemento das competencias e a súa inclusión socioeducativa.

9.1.3. Alumnado con altas capacidades intelectuais

- As condicións persoais de alta capacidade intelectual, así como as necesidades educativas que delas se deriven, serán identificadas mediante avaliación psicopedagóxica realizada polos servizos especializados de orientación educativa.

- A atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais desenvolverase, en xeral, a través de medidas de adecuación do currículo, de ampliación curricular, coa finalidade de promover un desenvolvemento equilibrado das distintas capacidades establecidas nos obxectivos da etapa, así como de conseguir un desenvolvemento pleno e equilibrado das súas potencialidades e da súa personalidade.

- A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais realizarase de acordo cos principios de normalización e inclusión educativa, e poderase flexibilizar, segundo o procedemento establecido pola Consellería de Educación, para que poida anticiparse a súa incorporación á etapa ou reducirse a duración da mesma, cando se prevea que é o máis adecuado para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización.

9.1.4. Alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo

- A escolarización do alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico; cando presente graves carencias en lingua galega e lingua castelá recibirá unha atención específica a través dos programas de inmersión lingüística que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

· Quen presente un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderá escolarizarse no curso inferior ao que lle correspondería por idade.

Para este alumnado, adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase e lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos. No caso de superar dito desfase, incorporaranse ao curso correspondente á súa idade.

9.1.5. Directrices xerais e decisións concretas referidas á atención á diversidade do alumnado

A Educación Secundaria Obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado.

A atención á diversidade é o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses; situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado; estas actuacións lógranse mediante a aplicación de recursos que seguen un “continuo de progresividade” e axustaranse aos principios de: diversidade, inclusión, normalidade, flexibilidade, contextualización, perspectiva múltiple, expectativas positivas e validación por resultados.

As medidas de atención á diversidade deben aplicarse de forma inmediata unha vez detectadas as dificultades. Como medida fundamental de atención á diversidade é necesario fomentar **habilidades de estudo** no alumnado a través de todas as materias (e non unicamente nas titorías).

As medidas de atención á diversidade abordarán a **igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a mellora da convivencia** no centro e a **implicación das familias** no proceso de ensinanza e aprendizaxe.

As actuacións educativas de atención á diversidade susceptibles de levar a cabo no noso centro son as tratadas nos apartados seguintes.

a. Medidas xerais

a.1. No ámbito do Proxecto Educativo

Este documento de concreción do currículo do Proxecto Educativo constitúe o primeiro paso na toma de decisións relativas ao tratamento da

diversidade, ao establecer prioridades educativas en función das características do alumnado e do seu entorno.

a.2. Nos Departamentos didácticos

Os Departamentos didácticos seleccionarán e organizarán nas súas programacións didácticas os contidos do currículo e as distintas actividades de ensinanzas e aprendizaxe, para dar resposta ás diferentes situacións e necesidades de aprendizaxe do alumnado.

a.3. No ámbito da acción tutorial e a orientación académica e profesional

É un ámbito básico na detección, orientación e tratamento da diversidade. Por esta razón, os obxectivos fundamentais destes plans son:

- O coñecemento do alumnado e da dinámica do grupo en todo o que poida ser pertinente a efectos académicos.
- A orientación académica, persoal e profesional, de acordo ás características e necesidades do alumnado.
- A integración harmónica do alumnado no centro e o desenvolvemento de boas relacións alumnado-profesorado.
- A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- O seguimento e avaliación do proceso educativo do alumnado.
- A relación e coordinación coas familias.

a.4. No ámbito curricular

A primeira resposta educativa de atención á diversidade debe estar contemplada nas medidas ordinarias incluídas nas programacións didácticas. Nelas hai que planificar aspectos que permitan individualizar o proceso de enseñanza-aprendizaxe:

- Programando obxectivos e contidos mínimos, medios e de profundización.
- Buscando estratexias metodolóxicas de acceso aos contidos.
- Utilizando materiais docentes variados.
- Baseándose en aspectos prácticos dos contidos correspondentes.
- Utilizando diversas formas de agrupamentos: traballo individual, traballo en grupos cooperativos, traballo conxunto de toda a clase como grupo, etc.

En canto á avaliación:

- Efectuando unha avaliación inicial, para partir dos coñecementos previos do alumnado.

- Coa utilización de procedementos e instrumentos de avaliación variados, facilitando a autoavaliación, a coavaliación e a avaliación da práctica docente.

b. Medidas ordinarias de atención á diversidade

Son actuacións e programas dirixidos a previr e facilitar a superación de dificultades, mediante modificacións organizativas ou curriculares, sen alterar ningún dos elementos esenciais do currículo. Supoñen unha modificación non esencial de obxectivos, contidos, criterios de avaliación e distribución temporal dos contidos.

b.1. Criterios xerais de adscrición do alumnado a estas medidas

Os Departamentos didácticos serán os responsables de fixar os criterios para a distribución do alumnado en agrupamentos flexibles, desdobres, reforzos, valorando en cada momento as necesidades educativas do alumnado (considerando o nivel de competencia curricular e as dificultades detectadas).

Para a atención do alumnado, os Departamentos han de ter en conta:

- Alumnos/as que contan con informes psicopedagóxicos e que precisen medidas de atención á diversidade reflectidas no documento elaborado polo Departamento de Orientación do centro (esta información ha de ser proporcionada a principios de curso polo Departamento de Orientación).
- Alumnos/as que non promocionasen no curso anterior e presenten dificultades na materia (ha de quedar constancia na acta da sesión final do curso anterior e na do Departamento didáctico correspondente).
- Alumnos/as que promocionen coa materia non superada e presenten dificultades na mesma (ha de quedar constancia na acta da sesión final do curso anterior).
- Alumnos/as que se incorporen a 1º ESO desde Educación Primaria coa materia non superada (especialmente coas materias instrumentais básicas). Esta información obterase dos informes finais da Educación Primaria e do expediente do alumno/a.
- Alumnos/as que, na avaliación inicial ou a partir dunha das sesións de avaliación, así o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español que así o precisen.

b.2. Organización das medidas de atención á diversidade

O Xefe de Estudos será o responsable de organizar as medidas en función da dispoñibilidade horaria dos departamentos implicados. Dita organización haberá de efectuarse en colaboración cos Departamentos didácticos e o Departamento de Orientación. As medidas de atención á diversidade han de ser programadas e avaliadas polos Departamentos didácticos correspondentes.

b.2.1. Agrupamentos flexibles

Fan referencia a un amplo conxunto e medidas de uso ordinario na aula que, idealmente, deberían constituír o instrumento habitual de atención ou tratamento da diversidade. A idea, en definitiva, é atender á diversidade de forma anticipada, incorporando recursos e estratexias que permitan ofrecer respostas diferenciadas ás diversas necesidades que vaian xurdindo. A presenza de tres profesores simultaneamente atendendo a dous grupos ordinarios considerase unha vía indispensable e moi eficaz para un adecuado tratamento da diversidade en determinadas materias. Esta medida permite reagrupar ao alumnado para a realización de diferentes actividades de aprendizaxe, ou en actividades de reforzo e/ou profundización. Así mesmo, poderá intervir nesta medida o profesorado con funcións de apoio a fin de facilitar os agrupamentos; por isto, á hora de establecer as necesidades de profesorado e a distribución horaria dentro do Departamento haberán de tomarse en consideración estas medidas de atención á diversidade.

b.2.2. Apoio en grupos ordinarios

Cando a dispoñibilidade horaria o posibilite, poderanse realizar apoios dentro do propio grupo ordinario, dentro ou fóra da aula de referencia, cun grupo reducido de alumnos/as, a fin de compensar as súas carencias e proporcionarlles unha atención máis individualizada.

Aplicarase, con carácter xeral, no caso dos alumnos e alumnas a cargo da profesora de Pedagogía Terapéutica.

b.2.3. Desdobres

Son adecuados cando o tamaño do grupo dificulta a realización de determinadas actividades nalgunhas materias, procurando aplicarse en nas materias instrumentais. Con carácter xeral aplicaranse nas materias instrumentais, abarcando nos grupos de Lingua Galega (1º e 2º ESO), Lingua Castelá (1º e 2º ESO), Matemáticas (1º e 2º ESO), Inglés (1º e 2º ESO), Francés (1º e 2º ESO), sempre que se conte con dispoñibilidade horaria e profesorado suficiente.

b.2.4. Oferta de materias optativas (opcionalidade e optatividade)

A optatividade na ESO e a opcionalidade en 4º curso constitúen un instrumento privilexiado para a atención á diversidade de intereses e motivacións sempre que faciliten a consolidación de aprendizaxes fundamentais e a súa orientación educativa posterior o a súa posible incorporación á vida laboral, polo que se precisa que se cumpran determinadas condicións:

- Que a oferta se elabore a partir das competencias clave e os obxectivos xerais da etapa. A tal efecto, a opcionalidade en 4º de ESO, no que se refire ás materias troncais, estará unicamente restrinxida polo número de alumnos e alumnas que elixan cada unha das materias (imposto pola Consellería de Educación), e non pola complexidade organizativa que supoña abarcar o maior número posible de posibilidades de elección de 2 ou 3 materias troncais dun conxunto de 4, e de 1 ou 2 específicas.
- Que a súa consideración académica sexa equiparable á das materias comúns no que atinxe á súa programación, desenvolvemento, avaliación e incidencia na avaliación continua do alumnado e, por tanto, nas decisións de promoción e titulación.
- Que sexan de libre elección a partir dunha correcta e completa información, plan de orientación académica e profesional, consello tutorial e do equipo docente, asesorados en todo momento polo Departamento de Orientación.

b.2.5. Recuperación das materias non superadas o curso anterior

O alumnado que promocióne con materias non superadas recibirán os apoios necesarios para a superación das dificultades académicas que deron lugar á cualificación negativa. As medidas de apoio ou reforzo educativo

contemplanse, ademais de neste programa de atención á diversidade, nas programacións didácticas das correspondentes materias.

Realizarase un seguimento destes alumnos e alumnas avaliando de forma continua os progresos dos mesmos. Estas medidas determinaranse ao principio de cada curso académico.

b.2.6. Plan específico personalizado

Está destinado ao alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, co fin de compensar as dificultades detectadas. Para isto contarán cun programa específico que se detalla no apartado 8.

b.2.7. Adaptacións do currículo

As adaptacións do currículo son estratexias básicas para individualizar a ensinanza. Trátase de modificacións do currículo básico.

Estas Adaptacións Curriculares Individuais (ACI) poden afectar a varios elementos: como ensinar e avaliar (métodos, técnicas de ensinanza, aprendizaxe, avaliación, agrupamentos e actividades), ou que ensinar e avaliar (obxectivos, contidos e criterios de avaliación).

As Adaptacións Curriculares poden consistir en:

- **Priorización** de obxectivos ou contidos curriculares (variar, seleccionar ou cambiar a importancia de determinados obxectivos ou contidos, antepoñéndoos a outros, por considerar máis urxente a súa asimilación e dominio).
- **Cambios na temporalización**, asignando máis tempo a determinados aprendizaxes.
- **Introdución de contidos de reforzo** para recuperar deficiencias parciais no proceso de aprendizaxe. Para isto programaranse, no novo curso, obxectivos e contidos que aseguren a adquisición de coñecementos previos que resulten imprescindibles para seguir progresando.
- **Introdución de novos contidos** de ampliación ou profundización para alumnado con altas capacidades intelectuais.
- **Flexibilidade**, de forma que se poida anticipar a súa incorporación á etapa ou reducirse a duración da mesma para o alumnado de altas capacidades intelectuais; ou cara abaixo para o alumnado de nova incorporación ao sistema educativo español.

As adaptacións curriculares individuais poden ser:

- **Significativas**, é dicir, aquelas que afectan aos elementos principais do currículo: obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación, ben mediante modificacións do currículo básico que eliminan contidos esenciais e/ou obxectivos xerais das materias curriculares coa conseguinte modificación dos criterios de avaliación.

Constitúen unha estratexia básica para individualizar a ensinanza. As ACIS realízanse cando, tras unha coidada avaliación psicopedagóxica se determina a súa necesidade para compensar deficiencias intelectuais, sensoriais, motoras, de conduta, de actitude ou socioculturais. Esta medida é necesaria cando algunha deficiencia do alumno/a xustifica a modificación do currículo e a adopción de medidas de apoio extraordinarias.

É unha estratexia especificamente dirixida a alumnado con necesidades educativas especiais e obedece a un propósito de atender, non tanto ás diferenzas de intereses e motivacións, como ás de capacidades, ritmos e procesos de desenvolvemento e aprendizaxe diferenciados. O alumnado haberá de ser avaliado considerando os criterios das adaptacións curriculares significativas que se tiveron en conta.

- **Non significativas**, é dicir, as actuacións que se realizan no difiren significativamente do currículo ordinario; soen ser cambios na metodoloxía, fundamentalmente a través de materiais de reforzo, resumes da unidade didáctica, explicacións alternativas, exercicios máis sinxelos, probas máis asequibles, exercicios de resposta múltiple, etc.

O procedemento para o establecemento de adaptacións curriculares, considerando que a intensidade das ACIS depende da gravidade das dificultades ou carencias do alumno/a (ou da súa capacidade de aprendizaxe no caso de alumnado de altas capacidades intelectuais) e da información e formación previas que este teña, contemplará as seguintes fases:

1. O/a profesor/a da materia debe establecer uns niveis claros de competencia curricular dese alumno/a na súa materia e coñecer o seu estilo de aprendizaxe, o seu interese e a súa motivación cara o estudo. Para poder determinar o nivel de competencia curricular dun alumno/a hai que ter presente a secuenciación de obxectivos e contidos e valorar:

- a. Os que ten superados.

b. O grao de dominio alcanzado.

2. O/a profesor/a da materia haberá de determinar o estilo e ritmo de aprendizaxe. Esta dobre valoración (niveles e estilos) convén facela o antes posible (no mes de outubro) e formará parte da avaliación inicial do alumno/a.

3. Se se detecta un desfase que o propio profesorado pode corrixir no desenvolvemento normal das súas actividades na clase ordinaria, pode proceder a realizar adaptacións non significativas que afecten principalmente ao como e cando ensinar. Nos casos en que se comprobe a existencia dun desfase importante con relación á valoración considerada como normal no nivel de referencia, o/a profesor/a da materia deixará constancia por escrito, remitindo dita información ao titor/a (posto que o habitual é que un mesmo alumno/a presente deficiencias en varias materias e non nunha soa).

4. No último caso do apartado anterior, e reunido o equipo docente, procederáse a elaborar unha proposta de intervención co alumno/a en cuestión para decidir o tipo de medidas de atención á diversidade que se deben tomar. Dita proposta de intervención reflectirase nas actas da Xunta de Avaliación. A demanda remitirase a Xefatura de Estudos.

5. Xefatura de Estudos derivará a proposta de intervención feita polo equipo educativo, se o considera conveniente, ao Departamento de Orientación, iniciándose así a avaliación psicopedagóxica especializada do alumno/a. O Orientador avaliará e redactará o Informe Psicopedagóxico do alumno/a, do que informará con carácter **confidencial e** estritamente académico a Xefatura de Estudos, ao titor/a (que á súa vez informará á familia e ao equipo docente do grupo) e á profesora de apoio do Departamento de Orientación. O Informe Psicopedagóxico deberá figurar no expediente do alumno/a.

6. Observando as posibilidades e o nivel de competencia curricular do alumno/a, o/a profesor/a da materia determinará os contidos a eliminar, modificar ou engadir para que se produza aprendizaxe positiva, tendo en conta que esta aprendizaxe garanta a adquisición e dominio das competencias clave e os obxectivos da etapa. Todas estas decisións deben recollese por escrito no Documento de Adaptación Curricular Individual aberto para o/a alumno/a, así como no libro de actas do Departamento didáctico correspondente. No caso de ACIS entregarase unha copia da documentación a Xefatura de

Estudos (para o expediente do alumno/a), outra ao Departamento de Orientación e outra quedará no propio Departamento didáctico.

7. A profesora de Pedagogía Terapéutica do Departamento de Orientación colaborará co profesorado propoñendo criterios e procedementos para elaborar as Adaptacións Curriculares

8. O profesorado que impartan clase ao alumno/a, en colaboración coa profesora de Pedagogía Terapéutica, establecerá os obxectivos e contidos da Adaptación Curricular na súa materia, así como os criterios de avaliación.

c. Coordinación das medidas

1. Antes do inicio do curso escolar, Xefatura de Estudos informará aos titores e titoras sobre o alumnado que non promociona e ten que contar cun plan específico personalizado; igualmente ten que informar sobre o alumnado con materias non superadas para o que se elaborará un programa de reforzo, e sobre o alumnado que procede de Educación Primaria con materias non superadas. Á súa vez, o Departamento de Orientación informará aos titores e titoras do alumnado con necesidades educativas especiais, desvantaxe socio-familiar ou económica, con dificultades graves de aprendizaxe (que sexan do se coñecemento) ou que se incorporen ao Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento (PMAR) ou ao Programa de Diversificación curricular (PDC).

2. Xefatura de Estudos coordinará e seguirá todo o proceso, recollendo as demandas e dificultades que os distintos profesores e profesoras vaian presentando.

3. Nos días previos ao comezo do curso escolar, Xefatura de Estudos planificará e organizará a estruturación das medidas de atención á diversidade en colaboración cos Xefes e Xefas dos Departamentos didácticos (nos que se apliquen medidas de atención á diversidade), e o Departamento de Orientación.

4. Nas reunións dos Departamentos didácticos, o/a Xefe/a do Departamento deberá facer constar nas actas o seguimento das medidas de atención á diversidade.

4. Nas reunións dos equipos docentes, o/a titor/a reflectirá na acta o seguimento das medidas adoptadas.

d. Información ás familias

1. O/a titor/a do alumno/a informará individualmente de cada medida de atención á diversidade ás persoas proxenitoras ou representantes legais do alumno/a ao remate da primeira reunión colectiva das familias, que terá lugar a mediados do mes de outubro, sempre previamente á iniciación da medida adoptada.
2. As persoas proxenitoras ou representantes legais, sempre previamente á iniciación da medida, asinarán un documento facilitado polo centro no que se dan por informados e se comprometen a colaborar coas medidas de apoio ou reforzo que se adopte para facilitar o proceso educativo do seu fillo/a.
3. Durante o curso (tras as sesións de avaliación), o/a titor/a informará ás familias, a través dos boletíns de notas trimestrais. En todo caso, informarase ás familias sempre que sexa necesario.

9.1.6 Medidas extraordinarias de atención á diversidade

a. Programas para o alumnado con necesidades educativas especiais e trastornos graves de conduta

Enténdese por alumnado con necesidades educativas especiais aquel que require, por un período de escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios educativos específicos, derivados de discapacidade ou trastornos graves de conduta, de acordo co correspondente ditame de escolarización.

Para que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse dentro dos principios de inclusión e normalidade, as medidas organizativas e curriculares que aseguren o seu adecuado progreso e o máximo logro dos obxectivos de la etapa. Este alumnado contará, preferentemente, co apoio por parte da especialista de Pedagogía Terapéutica. Así mesmo, contará coas Adaptacións Curriculares Individuais (significativas ou non significativas) que precisen.

b. Alumnado con altas capacidades intelectuais

Contarán cun Programa Titorial que versará, preferentemente, sobre a integración do alumnado, aspectos sociais, de desenvolvemento da súa personalidade e educativos. Para este plan, o/a titor/a contará co asesoramento do Departamento de Orientación. O alumnado contará, se fose preciso, con adaptacións curriculares de ampliación e profundización do currículo.

Poderanse realizar flexibilizacións do currículo segundo os termos definidos na lexislación vixente.

c. Aulas hospitalarias e apoio escolar domiciliario

Esta medida lévase a cabo cando o/a alumno/a estea ingresado en Centros Hospitalarios debido a unha enfermidade ou convalecencia de longa duración. Os Centros Hospitalarios contan con profesorado de apoio que se coordina cos centros educativos, proporcionándolles estes a información e materiais necesarios para que o/a alumno/a poida, na medida do posible, seguir os seus estudos. Cando esta enfermidade ou convalecencia sexa no domicilio do alumno/a, o centro proporcionará á familia e ao profesorado voluntario de apoio (Cruz Vermella,...) a información e o material oportuno para o seguimento educativo deste alumnado.

d. Medidas educativas para o alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo español

A maioría do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo español ten como lingua materna o castelán, polo que as súas dificultades se concentran no proceso de acceso ao currículo, de adquisición de habilidades académicas e de integración no noso contexto social e cultural. Aínda que a súa lingua materna sexa o castelán, presentan carencias nas materias instrumentais básicas e dificultades para acceder ao currículo ordinario por proceder doutros sistemas educativos (cando a escolarización previa fose irregular ou deficiente).

Atenderase igualmente ao alumnado con outra lingua materna, para a adquisición da lingua galega e castelá e que, ademais, precisen de medios

para completar este aprendizaxe e para a adquisición do vocabulario específico das materias e do ámbito académico.

Protocolo de actuacións relacionadas coa acollida

1. O alumnado recentemente chegado será incorporado, provisionalmente, por parte de Xefatura de Estudos, ao nivel que lle corresponda por idade. Para determinar o grupo ao que será adscrito terase en conta, na medida do posible os seguintes aspectos:

- Número de alumnos/as do grupo.
- Número de alumnos/as con NEE no grupo.
- Número de alumnos/as doutras nacionalidades.
- Número de alumnos/as con problemas de conduta.
- Número de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe.
- Dificultades das materias optativas (se en base á súa elección se configurou algún grupo).

2. A familia e o/a alumno/a serán entrevistados polo Orientador. En dita entrevista, o Orientador facilitaralles información sobre o horario do centro, normas básicas, faltas de asistencia e xustificación, materias comúns e optativas, material escolar necesario, calendario escolar, etc. Igualmente recollerá datos familiares e académicos do alumno/a.

3. A información recollida será trasladada ao titor/a do grupo.

4. A partir dos datos recollidos nas entrevistas, dos hábitos observados no alumno/a durante os primeiros días de clase e dos resultados das probas iniciais realizadas, decidírase que medidas de atención á diversidade hai que aplicarlle.

5. No caso de que o/a alumno/a descoñeza o galego e/ou castelán, será necesario aplicarlle o programa de inmersión lingüística.

Estes alumnos/as serán incorporados por Xefatura de Estudo, ao curso que lles corresponda segundo a súa idade, coas medidas de atención á diversidade que se propoñan. Os/as alumnos/as poderán incorporarse posteriormente a un ou dous cursos inferiores, tendo en conta o nivel de competencia curricular e, neste proceso, seguiranse os pasos que marca a lexislación vixente.

9.2. Configuración do Programa de diversificación curricular do programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento

9.2.1. Programa de diversificación curricular

Os programas de diversificación curricular consisten nunha modificación e nunha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título.

Nos programas de diversificación curricular empregárase unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes, a través dunha organización en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e, de ser o caso, materias, diferente á establecida con carácter xeral.

Os programas de diversificación curricular organizaranse nos ámbitos de coñecemento que o Goberno e as administracións educativas definan, de conformidade co establecido no artigo 27.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O alumnado destinatario desta medida extraordinaria deberá cumprir, simultaneamente, os seguintes requisitos:

- a) Ser alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presente dificultades de aprendizaxe.
- b) Ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade sen que estas resultasen efectivas para a recuperación das dificultades detectadas.
- c) Atoparse en risco evidente de non acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes cursando o currículo ordinario.
- d) Contar con expectativas razoables de obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria coa incorporación a este programa.

Para poder ser proposto para a incorporación a este programa, o alumnado deberá atoparse nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria, non estar en condicións de acadar a promoción a terceiro e ter repetido unha vez na educación básica.
- b) Ter cursado o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción ao curso seguinte.
- c) Ter repetido o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non superalo.
- d) Ter cursado o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e non superalo, tendo repetido unha vez na etapa.

A duración dos programas de diversificación curricular será de dous cursos. Excepcionalmente, poderán establecerse programas dun curso de duración para o alumnado que se encontre nas seguintes situacións:

- Ter repetido o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non superalo
- Ter cursado o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e non superalo, tendo repetido unha vez na etapa

Os grupos que se conformen para desenvolver estes programas, con carácter xeral, non superarán o número máximo de 10 alumnas ou alumnos nin terán un número inferior a cinco, e terán un grupo ordinario de referencia no cal cursarán as materias non incluídas nos ámbitos de coñecemento do programa de diversificación curricular.

9.2.1.1. Estrutura e horario

Os programas de diversificación curricular organizaranse nos ámbitos de coñecemento que o Goberno e as administracións educativas definan, de conformidade co establecido no artigo 27.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

9.2.1.2. Procedemento para a incorporación do alumnado

O procedemento para a incorporación aos programas de diversificación curricular é o seguinte:

- a) Logo de realizada a avaliación final ordinaria, o equipo docente realizará unha proposta razoada do alumnado que se podería incorporar ao programa, o

que permitirá á xefatura do departamento de orientación realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado proposto.

b) O profesorado titor elaborará un informe individualizado do alumnado que se podería incorporar ao programa, que será remitido ao departamento de orientación e que deberá constar, como mínimo:

1º. Da competencia curricular do alumnado en cada materia.

2º. Das dificultades de aprendizaxe detectadas.

3º. Das medidas de atención á diversidade aplicadas previamente.

4º. Dos motivos polos cales o equipo docente considera conveniente a súa integración no programa de diversificación curricular.

d) A xefatura do departamento de orientación elaborará un informe por cada alumna ou alumno, no cal se incluírán as conclusións sobre o informe do profesorado titor, as da avaliación psicopedagóxica e a opinión da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumno ou da alumna, e a destes mesmos sobre a medida proposta.

e) Posteriormente, unha comisión formada polo xefe ou a xefa de estudos, que exerce a súa presidencia, o xefe ou a xefa do departamento de orientación e o profesor ou a profesora titor ou titora da alumna ou do alumno valorará os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumnado, e realizará unha proposta á dirección do centro sobre a súa incorporación ao programa de diversificación curricular.

f) A dirección do centro elevará a proposta de incorporación do alumnado ao programa de diversificación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente, na cal se reflectirá a relación de alumnado proposto e de profesorado que vai impartir cada ámbito de coñecemento do programa, xunto co resto de documentación do procedemento.

g) O servizo territorial de Inspección Educativa emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de diversificación curricular que cumpran os requisitos establecidos, que será comunicada ao centro docente antes do inicio das actividades lectivas.

9.2.1.3. Concreción curricular e programación didáctica

· A concreción do currículo dos ámbitos, así como as correspondentes programacións didácticas, serán elaboradas nos distintos Departamentos

implicados e polas persoas designadas para impartir os ámbitos, coa colaboración do Orientador do centro.

· A programación docente de cada un dos ámbitos incluírá, polo menos, os seguintes elementos:

a) A organización, secuenciación e temporalización dos contidos do ámbito e dos criterios de avaliación asociados en cada un dos cursos, a partir do currículo das materias que integran o ámbito en cada curso.

b) A contribución do ámbito ao logro das competencias clave establecidas para a etapa.

c) Os procedementos, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación da aprendizaxe do alumnado, de acordo cos criterios de avaliación do ámbito e os estándares que os complementan en cada un dos cursos.

d) A metodoloxía, os recursos e materiais curriculares.

e) A concreción do plan de lectura, escritura e tratamento e produción da información no ámbito, así como a de aqueles programas e apoios aprobados que estean relacionados co mesmo.

f) As actividades complementarias e, no seu caso, extraescolares, de acordo co establecido na programación xeral do centro.

g) Os indicadores de logro e procedementos de avaliación da aplicación e desenvolvemento da programación docente.

9.2.1.4. Avaliación

A avaliación do alumnado nos ámbitos de coñecemento que conforman o programa será continua e diferenciada, e terá como referentes os obxectivos de etapa e as competencias da educación secundaria obrigatoria

9.2.1.5. Información ás familias

O/a titor/a informará ás persoas proxenitoras ou representantes legais da proposta realizada polo equipo de profesorado previamente á incorporación do alumno/a ao programa de diversificación curricular.

O Orientador terá unha entrevista coas persoas proxenitoras ou representantes legais do alumno/a, onde proporcionará toda a información necesaria acerca do PDC, así como os resultados da avaliación psicopedagóxica do alumno/a.

Ao comezo do curso escolar os titores e titoras reuniranse colectivamente coas familias de todos o alumnado de cada grupo do PDC para informarles das normas xerais, horarios, criterios de promoción e titulación, etc.

Trimestralmente, tras as correspondentes sesións de avaliación, os/as titores/as entregarán os boletíns de cualificacións informando sobre o proceso educativo do alumno/a. Teranse entrevistas individuais coas familias cada vez que se precise (tanto a petición das familias como do centro).

9.2.2. Configuración do Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento

Os programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento constitúen unha medida de atención á diversidade dirixida a aqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades relevantes de aprendizaxe.

Estes programas desenvolveranse a partir do segundo curso da Educación Secundaria Obrigatoria, e neles utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, no seu caso, de materias, diferente á establecida con carácter xeral, coa finalidade de que o alumnado poida cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

O equipo docente poderá propoñer aos pais, nais ou titores/as legais a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento do alumnado que repetise polo menos un curso en calquera etapa, e que unha vez cursado o primeiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria non estea en condicións de promocionar ao segundo curso, ou que unha vez cursado o segundo curso non estea en condicións de promocionar a terceiro. O programa desenvolverase ao longo dos cursos segundo e terceiro no primeiro suposto, ou en terceiro curso no segundo suposto.

Aqueles alumnos/as que, despois de cursar o terceiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria, non estean en condicións de promocionar ao cuarto curso, poderán incorporarse excepcionalmente a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento para repetir terceiro curso.

En todo caso, a incorporación aos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento requirirá a avaliación tanto académica do

equipo docente, como psicopedagóxica do departamento de orientación, e realizarase unha vez oídos os propios alumnos e alumnas e coa conformidade dos pais, nais ou titores/as legais.

A avaliación do alumnado que curse un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

9.2.2.1. Estrutura e horario

- O programa organizarase mediante a creación de grupos específicos nos que o alumnado cursará as materias agrupadas nos seguintes ámbitos:

- a) **Ámbito Lingüístico e Social:** no que se incluírán as materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Xeografía e Historia, do 2º e 3º curso (9 horas).

- b) **Ámbito Científico e Matemático:** no que se incluírán as materias de Física e Química e Matemáticas no segundo curso da etapa e as materias de Bioloxía e Xeoloxía, de Física e Química e de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas no terceiro curso (8 horas).

- c) **Ámbito de Linguas Estranxeiras:** no que se incluírá a materia de Primeira Lingua Estranxeira (Inglés) (3 horas).

- O alumnado cursará o resto de materias do currículo e asistirá á sesión de tutoría (1 hora) no grupo específico de PMAR.

9.2.2.2. Procedemento para a incorporación do alumnado

- Durante o terceiro trimestre do curso, o equipo docente de cada grupo e o Departamento de Orientación, á vista do proceso de avaliación continua e do resultado das medidas de atención á diversidade aplicadas, analizará e valorará a situación escolar de cada alumno/a que presente dificultades relevantes de aprendizaxe.

- A análise á que se refire o punto anterior quedará recollida na acta da sesión do equipo docente, na que se valorará a conveniencia de que se incorpore ou non ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, por ser a medida máis adecuada entre as contempladas no programa de atención á diversidade do centro.

- O Orientador realizará a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e

alumnas propostos, na que se recollerá a seguinte información:

a) A historia escolar do alumno/a e as medidas educativas adoptadas con anterioridade e os resultados.

b) As características persoais, así como aquelas do contexto social, familiar e escolar que poidan estar incidindo no seu proceso de aprendizaxe.

c) Valoración da conveniencia de incorporación ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

· Unha vez concluída a sesión de avaliación final, e se considere o alumnado susceptible de incorporación ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, o equipo docente emitirá un informe asinado polo titor/a dirixido á Dirección do centro docente, no que constará:

a) As dificultades relevantes de aprendizaxe do alumno/a nas distintas materias e os resultados académicos obtidos.

b) A proposta razoada e motivada de incorporación ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

· O Orientador manterá unha entrevista con cada alumno/a e os seus pais ou titores/as legais para informarlles sobre as características xerais do programa, formularlles a conveniencia da súa incorporación ao mesmo, así como a necesidade de implicarse no plan de traballo de dicho programa. Destareunión recollerase por escrito a opinión do alumno/a e a conformidade ou non dos seus pais ou titores/as legais, que se agregará ao informe do equipo docente.

· A Directora, tras analizar as propostas, os informes de avaliación psicopedagóxica emitidos polo Departamento de Orientación e a restante documentación presentada, e unha vez comprobado que se cumpren os requisitos e o procedemento establecido, remitirá ao Servizo de Inspección Educativa a seguinte documentación:

a) Relación nominal do alumnado proposto para incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, así como a documentación elaborada correspondente a cada alumno/a proposto.

b) Solicitude do número de grupos que se pretende constituír.

9.2.2.3. Concreción curricular e programación didáctica

· A concreción do currículo dos ámbitos, así como as correspondentes

programacións didácticas, serán elaboradas nos distintos Departamentos implicados e polas persoas designadas para impartir os ámbitos, coa colaboración do Orientador do centro.

· A programación docente de cada un dos ámbitos incluirá, polo menos, os seguintes elementos:

a) A organización, secuenciación e temporalización dos contidos do ámbito e dos criterios de avaliación asociados en cada un dos cursos, a partir do currículo das materias que integran o ámbito en cada curso.

b) A contribución do ámbito ao logro das competencias clave establecidas para a etapa.

c) Os procedementos, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación da aprendizaxe do alumnado, de acordo cos criterios de avaliación do ámbito e os estándares que os complementan en cada un dos cursos.

d) A metodoloxía, os recursos e materiais curriculares.

e) A concreción do plan de lectura, escritura e tratamento e produción da información no ámbito, así como a de aqueles programas e apoios aprobados que estean relacionados co mesmo.

f) As actividades complementarias e, no seu caso, extraescolares, de acordo co establecido na programación xeral do centro.

g) Os indicadores de logro e procedementos de avaliación da aplicación e desenvolvemento da programación docente.

9.2.2.4. Finalización do programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento

· O consello orientador que se entregue aos pais ou tutores/as legais de cada alumno/a ao remate do programa incluirá necesariamente a proposta de itinerario de 4º curso de educación secundaria obrigatoria máis adecuada para o/a alumno/a ou, no seu caso, a recomendación sobre incorporación a un ciclo de formación profesional básica.

· No caso do alumnado que promociona a cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, os órganos competentes do centro e o profesorado que lle imparta docencia organizarán e aplicarán as medidas de atención á diversidade que sexan precisas.

9.2.2.5. Información ás familias

O/a titor/a informará aos pais da proposta realizada polo equipo de profesorado previamente á incorporación do alumno/a ao programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento

10. Orientacións para incorporar os elementos transversais

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e da Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias segundo estea establecido en cada programación didáctica.

- Deberase fomentar a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todos, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación educativa de calidade en igualdade de oportunidades.
- Implantarase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Fomentarase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos. Este aspecto ven recollido no Plan de Convivencia do centro
- Fomentarase a aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento á violencia
- Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
- Incorporaranse elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

- Incorporaranse elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor.
- Adoptaranse medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil.
- Incorporaranse elementos curriculares e promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de piñón, viaxeiro e condutor de bicicletas, respecte as normas e sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

En calquera caso, independentemente de que poidan ser tratadas desde as distintas materias da etapa, o Plan de Acción Titorial conterá actividades para traballar varios destes contidos (uso responsable e riscos das TIC, educación viaria, acoso escolar, fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres...).

11. Programacións didácticas de materia e curso

De forma xeral, teranse en conta as seguintes orientacións:

a) Organización, secuenciación e temporalización dos contidos do currículo e dos criterios de avaliación asociados en cada un dos cursos.

